



## Tertulias literarias

### BIBLIOTECA CENTRAL RIALEDA outubro – decembro 2018



#### Volver a casa, de Yaa Gyasi



Fillas dunha mesma nai e de pais pertencentes a dúas etnias distintas, Effia e Esi nunca chegarán a coñecerse. Así, mentres Effia é obrigada a casar cun gobernador inglés e a residir nunha fortaleza, Esi é capturada e enviada como escrava ao sur de Estados Unidos.

**Entrega: 8 outubro**  
**Comentario: 24 outubro**


#### Un amor, de Alejandro Palomas



No universo familiar de Amalia, a engrenaxe móvese ao ritmo desacompañado das emocións. É unha familia típica, e sobre todo, moi real. Pero chega un día cume nas súas vidas. A súa filla Emma vai casar e todos se dispoñen a organizar a mellor voda. A noite previa á cerimonia, unha chamada rompe a harmonía familiar.

**Entrega: 24 outubro**  
**Comentario: 7 novembro**

#### Nosotros en la noche, de Kent Haruf



Louis e Addie son veciños na tranquila localidade de Holt, en Colorado. Ambos enviudaron hai anos polo que non tiveron máis opción que afacerse a estar sós, sobre todo nas horas máis difíciles, despois do anoitecer. Pero Addie non está disposta a conformarse e decide visitar inesperadamente ao seu veciño para propoñerlle pasar as noites xuntos.

**Entrega: 7 novembro**  
**Comentario: 21 novembro**

#### Circe ou o pracer do azul, de Begoña Caamaño



Unha muller leva once anos agardando polo retorno do seu home. Cando comeza a temer a probable morte do marido, recibe a carta dunha estraña, unha muller misteriosa que a informa de que o seu home non está morto, senón que vive con ela un romance apaixonado. A partir de aí vaise tecendo unha relación epistolar entre as dúas.

**Entrega: 21 novembro**  
**Comentario: 5 decembro**

#### Astrid y Verónika, de Linda Olsson



Tras unha perda recente, Veronika, unha escritora, instálase nunha casa no interior de Suecia. Alí o seu único contacto co mundo é Astrid, unha muller taciturna que habita a única casa dos arredores. En aparencia, as dúas mulleres teñen pouco en común. Con todo, a partir dunha circunstancia imprevista, ambas inician unha fráxil relación que vai creando entre elas un espazo de intimidade.

**Entrega: 5 decembro**  
**Comentario: 19 decembro**

#### Vestido de novia, de Pierre Lemaitre



Sophie Duguet non entende que lle sucede: perde obxectos, esquece situacións, é detida nun supermercado por pequenos roubos que non lembra cometer. E os cadáveres comezan a acumularse ao seu redor...

**Entrega: 19 decembro**  
**Comentario: 16 xaneiro**